

Xoves, 8 de xaneiro de 2026

Núm. 4

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CORRECCIÓN ERROS CALENDARIO LABORAL 2026

Asunto: Corrección de erros do Calendario laboral para o ano 2026 da provincia de Pontevedra do concello de Oia.

Visto o BOP número 187, do 1 de outubro de 2025, polo que se publica o calendario laboral para a provincia de Pontevedra do ano 2026, procede rectificar o mesmo de conformidade cos antecedentes de feito e de dereito que se mencionan a continuación.

O concello de Oia presentou unha solicitude de modificación do calendario laboral para o ano 2026, e que tivo entrada no rexistro do edificio administrativo de Vigo o 2 de xaneiro de 2026, número de rexistro de entrada 58/2026, na que se comunica que advertiu un erro na publicación do calendario laboral do ano 2026 para a provincia de Pontevedra, e que aportan novo certificado do pleno no que acordouse propoñer como festivos locais para o devandito ano os días 25 de maio de 2026 (Festividade da Virxe do Mar) e 7 de agosto de 2026 (Festividade de San Mamede).

Que ó abeiro do disposto no artigo 109-2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2/10/2015), as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, este departamento territorial

ACORDA

Primeiro.- Rectificar o erro material no calendario laboral para o ano 2026 da provincia de Pontevedra respecto as festas locais do concello de Oia, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 187, do 1 de outubro e modificar a resolución deste departamento territorial, de data 29 de setembro de 2025, do seguinte xeito, onde di: “ Oia 9 de xuño de 2026 (Festividade da Virxe do Mar), debe dicir “ Oia 25 de Maio (Festividade da Virxe do Mar)”

Segundo.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP)

Vigo, na data da sinatura electrónica

O director territorial de Pontevedra

